



## TRES ESCRITORES PRESENTAN TRES OBRAS DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



Méndez Ferrín, nun momento da súa intervención. Ao fondo, Fernández del Riego, Constantino García e Alonso Montero. (Foto Magar.)



Algúns tomos das tres obras presentadas: «Verbas», «Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia» e «Vocabulario de San Jorge de Piquín». (Foto Magar.)

- «Nomenclatura de flora e fauna de Galicia» é un libro fundamental, sin precedentes» (Fernández del Riego)
- «Vocabulario de San Jorge de Piquín» é material inédito que Aníbal Otero nunca pensou en que se fora a publicar» (Alonso Montero)
- «Verbas» é unha realidade lingüística que se lle debe ao I.L.G. (Méndez Ferrín)

O Instituto da Lingua Galega presentou onte, na Asociación da Prensa, tres obras recentemente editadas: «Nomenclatura de la flora y fauna marítima de Galicia», de María do Carmen Ríos Pamisse; «Vocabulario de San Jorge de Piquín», de Aníbal Otero, e o terceiro volumen do anuario «Verbas».

Constantino García foi o home encargado de presentar aos tres que farían unha glosa breve de cada libro. Fernández del Riego, Alonso Montero e Méndez Ferrín. Neste acto de presentación estiveron ademais, membros de ILG, Antón Santamaría, Ramón Lorenzo, Couceiro, Gondar, Camilo Flores e Bernardiño Graña.

Fixo Constantino García primeiramente unha síntese do traballo editor do ILG, que en cinco anos leva publicados 16 traballos diferentes na súa temática, con un total de 50 obras, anunciando que se está a traballar en outras varias, coma dous dicionarios e outro número de «Verbas».

Francisco Fernández del Riego presentou «Nomenclatura de flora e fauna de Galicia: invertibrados y peces», baseado nun traballo presentado por María C. Ríos Pamisse como tese de doutoramento. Refiríuse primeiramente a significación do ILG e a importancia cara á revitalización do idioma. Concretándose na obra, dixo que unha recollida do léxico coma esta é importante, e que desde Corneio ou Sarmiento no se fixera un estudio tan completo dos peixes. «E —dixo— un recordo dando Mirlo ao Eo e da Guardia á Vivero, son comentos feitos a base de enquisas, senón recollendo todo o que estaba xa nos textos, é importantísimo, porque as denominacións varían dunha zona a outra, non sómentes en peixes da mesma especie, senón cando se lle da nomes iguais a peixes totalmente distintos. E un libro fundamental, sin precedentes».

### ALONSO MONTERO E ANÍBAL OTERO

«Vocabulario de San Jorge de Piquín», lugar perto de Barcia, onde viviu Aníbal Otero, foi a obra que presentou Xesús Alonso Montero. Refiríuse aos vercellos que el tan coa familia de Otero, e comenzo por situalo cunha nota biográfica. Falou Alonso Montero de que o primeiro coñecemento que el tivo de Aníbal Otero foi polos traballos de hipótesis etimolóxicas sobre lingua galego-portuguesa, e mais tarde soupo que o autor, cando estaba a rematar a súa carreira en Madrid, foille encomendado un traballo nun arias, traballo que acababa o norte de Portugal, onde foi detido despois do 18 de xullo a cause dunhas notas de filoloxía, tomadas coma claves de espionaxe. Trasladado a España, foi xulgado e condenado a morte, séndolle comutada a pena pola de cadea perpetua, e logo posto en liberdade no ano 41. Foi na cadea, según Alonso Montero, onde fixo a recolleita léxica base de posteriores traballos.

Antón Santamaría e Gondar foron os que transcribiron as notas recollidas por Otero: «notas que se fai penoso traballar opelas», según Alonso Montero, «é material inédito, que ceas nunca pensou Otero que despois de morto íban ser publicados».

### MÉNDEZ FERRÍN E «VERBAS»

Xosé Luis Méndez Ferrín foi o que presentou «Verbas», terceiro número deste anuario adicado á Filoloxía.

«Este anuario —dixo Ferrín— representa un salto da nosa cultura por uná banda, e da conciencia nacional por outra». Fixo especial fincapé no erro asistente no campo da Filoxía, refiríndose á xeneración Nós, que tivo proieción en outros terreos, como etimografía e arqueoloxía, sendo que a lingüística e a filoloxía estivo totalmente aléa. «Verbas» foi un canto que levou toda a corrente de investigación lingüística galega despois dun período de deserto. «Hai anos. —dixo Ferrín— pensouse nun boletín de filoloxía galega, e «Verbas» ven a ser o anuario que se pensou, unha realidade que se lle debe ao ILG.

Fixo logo unha recomendación para unha crítica. Según Ferrín o feito de que apareza representada a cabeceira da revista en castelán crea unha situación de conflictividade, na que o galego ven a ser a lingua ofendida, a recomendación que fixo é a da supresión da cabeceira en castelán, cousa

que foi constatada por Constantino García, quen dixo que xa é un proxecto que se tira dentro do ILG.

### COLOQUIO FINAL

Despois de presentación refiríronse as reunións que se celebran con periodicidade entre compañentes do ILG e escritores galegos, cara á unificación da lingua. Alonso Montero marcou a necesidade de facer unha normativa do idioma: «¡Pronto vai facerse patente na vía pública —dixo— como xa se fixo no referéndum, a necesidade de normalizar o galego cara ao ensino nas escolas. Unha entidade científica como é o ILG, que ten o aval de institucións científicas com «Padre Sarmiento» ou a Real Academia Galega, ten que ser o que faça esta normalización, porque, non se pode chegar a un ensino con diferentes criterios gráficos como se podria chegar».

Fernández del Riego cortou neste momento pra recalcar a necesidade de atender mais que a unha normativa da lingua á sintáxis: «Hai que atacar ahí, porque se está desfazendo a sintáxis».

### O GALEGO NA ESCOLA

Guillermo Rojo falou do problema dos mestres. No ano 75 fíxose un curso de filoloxía pra 20 mestres, con 60 horas de clase de galego e outras 60 horas de didáctica e ensino. Según Rojo, o curso saíu bastante ben, e púnsese xa en facer outro pra 200 mais.

A problemática da escolarización en galego é importante, e fíxose comparación coa mesma en Cataluña e País Vasco, que, con respecto a Galicia, teñan un certo adianto en experiencias, pero que contan cun inconveniente, que a maior parte dos mestres de Galicia —un 90 por cento— son galegos, mentras que en Cataluña e País Vasco, non. O paso a seguir cara ao ensino en Galicia é converterlle ao mestre o galego coloquial en linguacultural. «Si en un prazo duns días —dixo Guillermo Rojo— autorizase impartir clases en galego, a verdade é que non poderíamos facer», o que dá unha idea da urxencia do tema exposto no coloquio.

Rematouse o coloquio facendo Constantino García a exposición da situación económica pola que atravesa o ILG, institución que vive en precario, sin axuda de ninguén —somentes a Fundación Barrié aporta 300.000 pesetas, que non atopa entidade cultural nin financeira que respalde a súa labora importante, e que precisaría de melloras atencións por parte dos organismos oficiais e institucionales».